



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 22 de abril de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/28004

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Tras analizar a documentación da praza 25/28004, as reclamacións presentadas por D^a Rocío Andrea Cano Cubillos e D^a Sherine Samy Gamaleldin Ahmed e os informes da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 22 de abril de 2026, acorda:

1. Sobre a reclamación presentada por D^a Andrea Cano Cubillos
 - ratificar a revisión da puntuación realizada pola Comisión de selección dos méritos alegados no punto III.4 Estadías pre e posdoutorais, que estima as alegacións realizadas pola reclamante
 - solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar a valoración dada ao contrato como profesora substituta a tempo completo no período 3/3/2025-1/7/2025 para a súa valoración conforme ao establecido pola Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente investigador no seu anexo I, punto II.1, isto é, coa puntuación correspondente á dedicación a tempo completo de forma proporcional ao tempo de duración do contrato, xunto coa ponderación por afinidade que sexa de aplicación
 - desestimar as restantes alegacións realizadas pola reclamante e ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección
2. Sobre a reclamación presentada por D^a Sherine Samy Gamaleldin Ahmed
 - solicitar da Comisión de selección que proceda a revisar a valoración outorgada á docencia alegada pola reclamante como realizada na Universidade Americana do Cairo toda vez que a Comisión de selección afirma no seu informe "que os documentos aportados deixan claro que non había vinculación contractual" e que "tampouco sabemos cales foron as materias impartidas nin a intensidade da súa dedicación" por non ser esta actuación conforme aos principios regulados normativamente nin consistente coa actuación da Comisión de selección na valoración da docencia



alegada pola reclamante na Universidade Ain Shams, que a Comisión decidiu non valorar "ao non estar debidamente acreditada conforme aos requisitos establecidos na normativa aplicable" e por ser "imprescindible para poder valorar dita docencia por ser pertinente coñecer as materias impartidas, a carga docente e o grao de responsabilidade da candidata en dita docencia"

- solicitar da Comisión de selección que proceda a actualizar a puntuación da candidata no punto II.2 Calidade docente, dado que a propia Comisión recoñece no seu informe a existencia dun erro material na translación da puntuación ao Excel
 - desestimar as restantes alegacións realizadas pola reclamante e ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección
3. solicitar da Comisión de selección que remita a nova acta de puntuacións e o novo Excel que inclúan as modificacións nas puntuacións correspondentes derivadas da aplicación deste acordo da Comisión de reclamacións
4. facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández